



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 20 de outubro de 2016
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 14.40 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Don Jesús Sanjuás Mera
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación de trienios ano 2017**
- 3. Aprobación programa e convenio “Apoio educativo de Ruth” curso escolar 2016-2017**
- 4. Concesión axuda emerxencia social**
- 5. Asignación grupos políticos, cuarto trimestre 2016**
- 6. Inscripción de asociación no rexistro municipal do Concello de Boqueixón**
- 7. Nomeamento perito para participar no levantamento da acta previa de ocupación.**
- 8. Altas abastecemento/saneamento**
- 9. Licenzas urbanísticas**
- 10. Arquivo de expedientes de limpeza de leiras no lugar de Sergude**
- 11. Reclamación de contía por danos ocasionados en columna e farol ornamental en Loureda**
- 12. Inicio execución subsidiaria de limpeza de leiras no lugar de Caneda – Loureda**

13. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 6 de outubro do 2016.

2. Aprobación de trienios ano 2017

Visto o escrito presentado por :

Dona Elena Suárez Rodríguez, con NIF xxxxx, funcionaria do grupo A1
Dona Rosario Iglesias Iglesias, con NIF xxxxx, funcionaria do grupo A1
Dona María Victoria Negrín Blanco, con NIF xxxxx, funcionaria do grupo A2
Dona Ana Anta Fernández, con NIF xxxxx, funcionaria interina do grupo A2
Don Juan M. Freiría Brey, con NIF xxxxx, funcionario do grupo C1
Don Anselmo Caeiro Vilar, con NIF xxxxx, funcionario do grupo C1
Don Casiano Veleiro Diéguez, con NIF xxxxx, persoal laboral fixo do grupo C2
Don José Gonzalo Torres Gil, con NIF xxxxx, persoal laboral fixo do grupo C2
Dona María José Pereira Lareo, con NIF xxxxx, persoal laboral temporal do grupo A2,
Dona Yolanda Neiro Cristobo, con NIF xxxxx, persoal laboral temporal do grupo A1,

Que solicitan:

1. Dona Elena Suárez Rodríguez o recoñecemento ao noveno trienio do grupo A1, con efectos económicos a partires do día 1 de marzo de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
2. Dona Rosario Iglesias Iglesias o recoñecemento ao octavo trienio do grupo A1, con efectos económicos a partires do día 1 de marzo de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
3. Dona María Victoria Negrín Blanco o recoñecemento ao sétimo trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de xuño de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
4. Dona Ana Anta Fernández o recoñecemento ao terceiro trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de maio de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.
5. Don Juan M. Freiría Brey o recoñecemento ao sexto trienio do grupo C1, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

6. Don Anselmo Caeiro Vilar o recoñecemento ao sexto trienio do grupo C1, con efectos económicos a partires do día 1 de xuño de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

7. Don Casiano Veleiro Diéguez o recoñecemento ao oitavo trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de novembro de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

8. Don José Gonzalo Torres Gil o recoñecemento ao sexto trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de xullo de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

9. Dona María José Pereira Lareo o recoñecemento ao quinto trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de decembro de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

10. Dona Yolanda Neira Cristobo o recoñecemento ao segundo trienio do grupo A1, con efectos económicos a partires do día 1 de maio de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Recoñecer:

1.A dona Elena Suárez Rodríguez o noveno trienio do grupo A1, con efectos económicos a partires do día 1 de marzo de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

2.A dona Rosario Iglesias Iglesias o octavo trienio do grupo A1, con efectos económicos a partires do día 1 de marzo de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

3.A dona María Victoria Negrín Blanco o sétimo trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de xuño de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

4.A dona Ana Anta Fernández o terceiro trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de maio de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

5.A don Juan M. Freiría Brey o sexto trienio do grupo C1, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

6.A don Anselmo Caeiro Vilar o sexto trienio do grupo C1, con efectos económicos a partires do día 1 de xuño de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

7.A don Casiano Veleiro Diéguez o oitavo trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de novembro de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

8.A don José Gonzalo Torres Gil o sexto trienio do grupo C2, con efectos económicos a partires do día 1 de xullo de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

9.A dona María José Pereira Lareo o quinto trienio do grupo A2, con efectos económicos a partires do día 1 de decembro de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

10. A dona Yolanda Neira Cristobo o segundo trienio do grupo A1, con efectos económicos a partires do día 1 de maio de 2017, co fin de que se teña en conta para a celebración do presuposto do vindeiro ano.

2. Dar traslado deste acordo ós interesados.

3. Aprobación programa e convenio “Apoio educativo de Ruth” curso escolar 2016-2017

Con data do 29 de setembro fírmase o convenio con Ruth Gómez Vázquez para coordinar o “programa educativo de Ruth” para o curso escolar 2016-2017.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Aprobar o convenio con Ruth Gómez Vázquez
- 2.- Aprobar o programa Apoio educativo de Ruth e a cota mensual dos participantes
- 3.- Comunicar este acordo ao departamento de tesourería -intervención para que proceda ó seu aboamento con cargo á subvención

PROGRAMA APOIO EDUCATIVO DE RUTH

1.- XUSTIFICACIÓN

Dende o Concello de Boqueixón e en especial dende Servizos Sociais obsérvase que nos derradeiros anos moitos nenos e nenas de Boqueixón presentan dificultades de aprendizaxe e/ou trastornos infantís que complican a adquisición de coñecementos e habilidades socioeducativas. Aínda que nos centros escolares establécense medidas educativas ordinarias dirixidas á totalidade do alumnado estas non son suficientes debido ás necesidades educativas específicas e á necesidade de atención personalizada.

Por isto xurde o programa de Apoio Educativo complementario o de Educación familiar e coordinado por unha profesional experta na materia da Educación Especial. Fírmase un convenio no mes de setembro 2015 entre o Concello e Ruth Gómez coa finalidade de detectar posibles casos de trastornos de aprendizaxe tanto na educación primaria como en infantil e ofrecer posibles pautas educativas a aplicar. Para continuar con este programa o

29 de setembro do 2016 fírmase outro convenio coa citada profesional para o curso 2016-2017.

As accións que se levan a cabo con alumnos con dificultades de aprendizaxe, deben ter unha continuidade no contexto familiar. Por exemplo, a autonomía é un rasgo que afecta de maneira global á persoa; ter unha actitude autónoma ante as actividades cotidiás, a organización do estudo, o desenvolvemento no entorno escolar e social.... pode repercutir moi positivamente no rendemento escolar dos menores.

2.- OBXECTIVOS

- Detectar posibles trastornos de aprendizaxe dos menores
- Proporcionar un asesoramento e apoio ós pais tras unha observación dos nenos e das nenas
- Mellorar as súas capacidades de comprensión e aprendizaxe traballando os aspectos que dificultan a adquisición de habilidades
- Que os alumnos que se deriven ao programa logren alcanzar o nivel curricular do seu grupo de referencia, de forma que poidan progresar con normalidade no seu desenvolvemento madurativo.

3.-BENEFICIARIOS/AS

Poderán participar nenos e nenas de infantil e primaria que posúan un diagnóstico médico definido ou menores que presenten dificultades xeneralizadas na adquisición e consolidación dos aprendizaxes básicos referidos dos centros escolares ou da propia familia.

Este programa daralle prioridade ás solicitudes de familias empadronadas neste concello, usuarias de Servizos Sociais, con ingresos iguais ou inferiores ao IPREM, discapacidade, familias monoparentais ou calquera outro indicador valorable por este Departamento. Os destinatarios do apoio educativo son alumnos con trastornos de aprendizaxe, especialmente nas áreas instrumentais básicas que requiren medidas educativas ordinarias de atención á súa diversidade.

4.-REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES

- Estar diagnosticado con algunha dificultade/trastorno de aprendizaxe ou ser derivado polos centros escolares
- Menores sen diagnóstico definido pero con dificultades na comprensión, lectoescritura tardía, atención e concentración... e/ou sen resultados con outros recursos (mestres de reforzo, PT, AL...)

5.-RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Humanos

Ruth como profesora de educación especial e doutora en pedagogía terapéutica coordina a actividade e 43 anos de experiencia, contará cun profesional en pedagogía.

Materiais

- Material funxible
- Unha carpeta para que reúna os seus traballos realizados en cada sesión.

- Materiais de estimulación cognitiva e educativos propostos e traídos polo equipo do Apoio educativo

6.-LOCALIZACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Este programa comezará no mes de outubro do 2016 e rematará en xuño do ano 2017.

As intervencións realizaranse en dous grupos no CPI Antonio Orza Couto

A duración de cada menor no programa será valorada pola profesional, polo que algún neno participará ,segundo a necesidade, todo o curso escolar e noutros casos pode ser unha intervención máis puntual.

As sesións serán dúas veces por semana (martes e xoves) de dúas horas de duración (16,30 a 18). ou en períodos puntuais de observación/valoración para casos específicos.

7.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDIMENTO

Recibirase a solicitude de participación do programa e a posterior valoración da situación do menor no departamento de Servizos Sociais co obxecto de decidir se reúne os requisitos para participar no programa; requirirase documentación (informes médicos ou psicoeducativos dos centros escolares) se é o caso.

No caso de existir máis solicitudes que prazas os criterios a valorar serán:

7.1.-ORIXE DA SOLICITUDE

- familia empadronada neste Concello :**5 puntos**

-familia non empadronada:**1 punto**

-familias con expediente en servizos sociais ou derivados polo Servizo de Menores: **5 puntos**

-familias derivadas dun Centro escolar ou a petición da familia: **1 punto**

7.2.-SITUACIÓN ECONÓMICA (descontables aluguer vivenda ou hipoteca)

-rendas de ingresos totais da unidade familiar iguais ou inferiores ao IPREM: **5 puntos**

-rendas superiores ao IPREM: **1 punto**

7.3.- DISCAPACIDADE:

-Recoñecemento do grao de discapacidade do menor suxeito de apoio:**5 puntos**

-Non discapacidade: **1 punto**

7.4.-SITUACIÓNS FAMILIARES ESPECÍFICAS

-Familias monoparentais, acollemento familiar: 5 puntos

- Resto familias: 1 punto

No caso de empate terá prioridade a solicitude que se presentara antes.

8.- CUSTO DO PROGRAMA E CUOTA A ABONAR POLOS PARTICIPANTES

O programa será financiado unha parte polas propias familias e outra polo Concello.

A cantidade establecida será de **25 €/mensuais** por neno con dereito a dúas sesións á semana. O cargo realizarase na conta que faciliten os participantes entre o 1 e 5 de cada mes. Os pagos estarán suxeitos á ordenanza municipal onde se regulan aos presos públicos por actividades promovidos polo concello de Boqueixón)

DETALLE DO CUSTO DO PROGRAMA

PROFESORA EN EDUCACIÓN ESPECIAL (RUTH)	0 €
MATERIAL FUNXIBLE INICIAL (Carpetas, gomas,afilas,lápices...)	15 €
PEDAGOGO (colaboración no programa e gasto kilometraxe)	200€+45,60€/mes x 9MESES
ACTIVIDADE FINAL DE CURSO	100 €
GASTO TOTAL	2.325,40 €

8.-SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PROGRAMA

Existirá un seguimento por parte dos servizos sociais da educadora familiar durante todo o curso escolar valorando o desenvolvemento integral dos menores, en especial actitudes, comportamentos, rendemento escolar.... Habrá unha coordinación tamén cos centros educativos dos participantes.

Realizarase un informe socieducativo de cada menor onde se recollan as súas características xustificativas e motivos da intervención e unha coordinación semanal con Ruth sobre os avances dos participantes.

Existirá unha avaliación inicial no mes de setembro a través de conversas cos proxenitores. Durante este mes tamén se fixará unha reunión cos centros educativos para informar da continuidade do programa co seu orixe no curso 2015-2016.

No mes de xaneiro haberá unha revisión das actuacións realizadas e dos avances dos participantes.

A avaliación final efectuarase no mes de xuño 2016

Boqueixón, 29 de setembro 2016

A educadora familiar

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE RUTH GÓMEZ VÁZQUEZ E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN

En Boqueixón, a 29 de setembro de 2016

Durante o curso escolar 2015-2016 levouse a cabo o “Programa educativo de Ruth” traballando con 11 menores de educación infantil e primaria. Os resultados acadados polos participantes foron moi positivos polo que se valora positivamente a continuidade desta actividade para o curso 2016-2017. O programa seguirá coordinado con Ruth Gómez Vázquez, mestra de educación especial e doutora en Pedagogía terapéutica e contará cun pedagogo para colaborar na actividade.

REUNIDOS

Dunha parte, D^a Ruth Gómez Vázquez, mestra de educación infantil e doutora en pedagogía terapéutica

Doutra , D. Ovidio Rodeiro Tato alcalde do Concello de Boqueixón

Ambas partes recoñécense con capacidade suficiente para establecer e asinar este convenio de colaboración e

EXPOÑEN

1.- Que Servizos Sociais ofrecerá unha continuidade do programa de Apoio educativo para o curso 2016-2017, os martes e xoves de 16,30 a 18 horas nas instalacións do CPI Antonio Orza Couto . Comezará en outubro de 2016 ata xuño do 2017. No mes de setembro realizarase unha avaliación inicial con reunión cos proxenitores dos menores solicitantes e cos centros educativos.

2.-Que o programa está coordinado por Ruth Gómez Vázquez cunha carreira de 43 anos traballando con nen@s con dificultades de aprendizaxe. Colaborará un pedagogo da educación especial. A educadora familiar levará o seguimento do programa.

3.- Que o obxectivo deste programa é detectar posibles trastornos de aprendizaxe dos menores, proporcionar un asesoramento e apoio aos pais tras unha observación dos nenos e das nenas, mellorar as súas capacidades de comprensión e aprendizaxe traballando os aspectos que dificultan a adquisición de habilidades ademais de entrenar a estes nen@s nas habilidades socioeducativas que carecen. É complementario ao programa de educación familiar.

Dada a confluencia de intereses por ambas partes, establecen o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

1.- Ruth Gómez Vázquez comprométese a levar a cabo o programa Apoio educativo xunto cun pedagogo. A duración será de outubro de 2016 a xuño 2017. Segundo a demanda das solicitudes valorarase a incorporación doutro profesional se é necesario.

2.- O programa desenvolverase en dúas aulas do CPI Antonio Orza Couto os martes e xoves de 16,30 a 18.

3.-. Poderán participar nenos e nenas de infantil e primaria que posúan un diagnóstico médico definido ou menores que presenten dificultades xeneralizadas na adquisición e consolidación dos aprendizaxes básicos referidos dos centros escolares ou da propia familia. Este programa daralle prioridade ás solicitudes de familias empadronadas neste concello, usuarias de Servizos Sociais, ingresos iguais ou inferiores ao IPREM, discapacidade, familias monoparentais, ou calquera outro indicador valorable por este Departamento. Os destinatarios do apoio educativo son alumnos con trastornos de aprendizaxe, especialmente nas áreas instrumentais básicas que requiren medidas educativas ordinarias de atención á súa diversidade. Todos eles cubrirán unha ficha de inscrición firmada pola nai/pai ou titor

4.- O gasto do programa será o seguinte

MATERIAL INICIAL (Carpetas, lapis, bolígrafos, gomas, afilas)	15 €
PROFESORA EN EDUCACIÓN ESPECIAL :RUTH	0 €
PEDAGOGO (colaboración no programa e gasto quilometraxe)	200€+45,60€/mes x 9 meses
GASTO MENSUAL	245,60 €
ACTIVIDADE FINAL CURSO	100 €
GASTO TOTAL	2.325,40 €

5.- Este gasto será financiado polos propios participantes, cunha cota de **25 €/mensuais** por solicitude e outra parte polo Concello

De conformidade con canto antecede ambas partes asinan por duplicado este convenio no lugar e data do encabezamento

A coordinadora do programa

Por parte do Concello de Boqueixón
O alcalde

Ruth Gomez Vázquez

Ovidio Rodeiro Tato

4. Concesión axuda emerxencia social

Concesión dunha axuda de emerxencia social.

5. Asignación grupos políticos, cuarto trimestre 2016

O pleno da corporación en sesión que tivo lugar o 11 de novembro do 2015 acordou asignar ós grupos políticos municipais os seguintes importes para gastos de funcionamento do grupo:

Grupo político	Dotación fixa	Dotación variable
Partido Popular	200 €/ano	2.255 €/ano
Veciñ@s	200 €/ano	845 €/ano

Estas contías pódense transferir anualmente ou ben proporcionalmente cada trimestre e terán que ser xustificadas polo grupo político, unha vez recibidas, no mes seguinte á finalización da cada trimestre ou ben no mes de xaneiro do ano seguinte (2017 neste caso) según a data de percepción da contía.

Polo que, e sempre tendo en consideración o que cada grupo decida, sobre o período de percepción dos fondos, a Xunta de Goberno acorda:

1. Ingresar ó grupo municipal do PP o importe de 613,75 € correspondentes ó cuarto trimestre do 2016.
2. Ingresar ó grupo municipal Veciñ@s o importe de 261,25 € correspondentes ó cuarto trimestre do 2016.
3. Comunicar a ambos grupos políticos que deberán presentar a correspondente conta xustificativa dos gastos realizados, con cargo ós importes recibidos.

6. Inscripción de asociación no rexistro municipal do Concello de Boqueixón

D. Manuel xxxxx, co DNI número xxxxx, en calidade de presidente da entidade sen ánimo de lucro “Escola de Fútbol Boqueixón”, presenta escrito no concello de Boqueixón o 18 de agosto do 2016 co número de entrada 16/1774, solicitando a inscrición da referida entidade no rexistro municipal de asociacións veciñais do concello.

Considerando que se cumpren os requisitos preceptuados no artigo 236 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, do 28 de novembro de 1986, e demais de xeral aplicación, a Xunta de Goberno acorda:

1. Incluír esta asociación no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais co número de inscrición 059
2. Dar conta deste acordo ó presidente da Escola de Fútbol Boqueixón.

7. Nomeamento perito para participar no levantamento da acta previa de ocupación

O pleno da corporación na sesión celebrada o 14 de setembro 2016 acorda aprobar a relación de bens e dereitos que se consideran de necesario e urgente ocupación para a execución das obras comprendidas no proxecto de “conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral”. Dita relación saíu publicada no BOP do 21/09/2016.

Con data 11 outubro 2016, comunícase aos titulares expropiados que o día 24 do mesmo mes, ás 11:30 h. procederase co levantamento das actas previas á ocupación así como co aboamento ou consignación do importe correspondente. Así mesmo, publicouse no BOP do 13 de outubro 2016.

Na acta previa de ocupación, ademais dos expropiados e o alcalde deberá participar un perito que acredite os datos técnicos da finca obxecto de expropiación.

Por todo o cal. A xunta de goberno acorda:

1. Designación ao perito técnico agrícola, colexiado nº 2095 don Ignacio José Alonso Díaz, para participar no levantamento da acta previa de ocupación.
2. Comunicar este acordo ao interesado, aos efectos que procedan.

8. Altas abastecemento/saneamento

A) Altas en Abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúense como beneficiarios do servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmoible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
Luz María xxxxx	xxxxx	xxxxxVilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €	24,37 €
Nieves xxxxx	xxxxx	xxxxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €	96,51 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes, así como os importes pola conexión á rede, que se rexerán pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas son para vivenda.

A dita taxa de abastecemento correspondente a Luz María xxxxx foi aboada pola promotora da construción “Promocións e inversións Ulla, S.L.” o 04/05/2009, e a correspondente a Nieves xxxxx foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán, SCG” o 28/12/2007.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ós mesmos enderezos do inmovible.

B) Altas en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmovible	Taxa
Luz María xxxxx	xxxxx	xxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €
Nieves xxxxx	xxxxx	xxxxx Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

As altas concedidas son para vivenda.

A dita taxa de abastecemento correspondente a Luz María xxxxx foi aboada pola promotora da construción “Promocións e inversións Ulla, S.L.” o 04/05/2009, e a correspondente a Nieves xxxxx foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán, SCG” o 28/12/2007.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ós mesmos enderezos do inmovible:

9. Licenzas urbanísticas

A) Concesión licenza municipal para adaptar as obras executadas á ordenanza de núcleo rural común, en base ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (en adiante PXOM) actualmente vixente; e requirimento de aclaración de discrepancia de superficies da finca catastral 15012A506004650000WM

Antecedentes:

Con data do 02/06/2015, con rexistro de entrada nº.: 15/1054, por dona Isaura xxxxx, con DNI núm. xxxxx, preséntase unha denuncia urbanística, relativa á execución de obras nas parcelas catastrais núm. 15012A506004650000WM, e 15012B516006480000LF.

Con relación os feitos realizados sobre a parcela catastral 15012A506004650000WM, indícase a execución de obras dun peche de finca, que presuntamente incumpiría o recuamento mínimo á vía pública a que da fronte. Tamén se fai constar a execución dun muro de contención de terras e un portal de acceso, noutra parte da parcela.

Con relación os feitos realizados sobre a parcela catastral 15012B516006480000LF, indícase a execución de obras de rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar, sen que conste a correspondente licenza municipal.

Con data do 10 de xuño de 2015, con rexistro de saída núm. 15/499, pola alcaldía do Concello de Boqueixón, procédese a dar o correspondente trámite de audiencia ó titular catastral das fincas obxecto da denuncia presentada, resultando infrutuoso dito trámite por *ausente reparto*, segundo a devolución do certificado con acuse de recibo, que presenta o funcionario de correos.

Con data do 09/07/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, logo da visita de comprobación aos feitos denunciados, emítese o correspondente informe técnico, no que se indica basicamente o seguinte:

.- Realizada consulta nos arquivos municipais, non consta que o propietario iniciase ningún expediente urbanístico con relación ás obras executadas, polo que será de aplicación o artigo 209 do LOUPMRG, sobre obras sen licenza ou sen comunicación previa, en curso de execución, polo que deberase incoar expediente de reposición da legalidade.

.- No que atinxe ó peche diáfano, compre dicir que non cumpre coa aliñación establecida no PXOM, que é de 4 metros ó eixe, polo que no resulta legalizable. No que atinxe ó resto das actuacións, poden ser parcialmente legalizables.

En base ao informe técnico de data do 09/07/2015; pola Alcaldía, con data do 20/07/2015, con rexistro de saída núm. 16/639, procédese a ditar a inmediata paralización das obras en execución, e a comunicarlle o próximo inicio do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística, en base ao artigo 209 do LOUPMRG. Tamén se lle advirte, que no caso de non recibir a presente comunicación, procederase á súa publicación, polos procedementos que a lexislación vixente ditamine (*Boletín Oficial do Estado, e Tablón de Anuncios do concello*). A presente comunicación, tamén resultou infrutuosa, por *ausente reparto*, segundo a devolución do certificado con acuse de recibo, que presenta o funcionario de correos.

Na Xunta de Goberno Local, do 06/08/2015, acórdase o inicio do expediente de reposición da legalidade urbanística, en base ás obras executadas por D. Alfonso xxxxx. Remítese Notificación do Acordo adoptado ao promotor das obras, resultado infrutuosa, por *ausente reparto*, segundo a devolución do certificado con acuse de recibo, que presenta o funcionario de correos.

Vistas as continuas devolucións das comunicacións e notificación, efectuadas por este concello, con data do 03/09/2015, procédese ao “*anuncio*”, da notificación do 10/08/2015, do inicio do procedemento de incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística, a D. Alfonso xxxxx, saíndo publicado no “*Boletín Oficial do Estado*”, con data do 10/09/2015, e no “*tablón de anuncios*” do concello, polo prazo de 10 días hábiles.

Con data do 02/10/2015, con rexistro de entrada na sede electrónica do concello núm. 201599900000007, e no rexistro xeral núm. 15/1904, preséntase un expediente de legalización (en formato dixital), de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar, a nome de D. José Luís xxxxx, con DNI núm. xxxxx, en nome e representación de D. Alfonso xxxxx, con DNI núm. xxxxx, en base á denuncia urbanística presentada.

Con data do 26/11/2015, por María Carmen Novos Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un informe técnico, con relación á documentación

achegada, no que se especifica que deberase completar a documentación presentada, e emendar o proxecto técnico achegado, para adaptalo á normativa urbanística vixente.

Con data do 07/12/2015, con rexistro de saída núm. 15/1110, pola Alcaldía, ponse en coñecemento do representante do promotor da obras, D. José Luís xxxxx, unha copia do informe técnico do 26/11/2015, para as corrección sinaladas neste.

Con data do 14/01/2016, con rexistro de entrada na sede electrónica do concello núm. 201699900000001, e no rexistro xeral núm. 16/062, por D. José Luís xxxxx, con DNI núm. xxxxx, en nome e representación de D. Alfonso xxxxx, con DNI núm. xxxxx, achégase unha solicitude de ampliación de prazo, para presentar a documentación requirida por oficio da Alcaldía do 07/12/2015.

Con data do 14/03/2016, con rexistro de entrada na sede electrónica do concello núm. 201699900000006, e no rexistro xeral núm. 16/504, por D. José Luís xxxxx, con DNI núm. xxxxx, en nome e representación de D. Alfonso xxxxx, con DNI núm. xxxxx, achégase un proxecto técnico modificado (en formato dixital), en base aos cambios solicitado pola arquitecta municipal, no informe da data do 26/11/2015.

Con data do 22/03/2016, por María Carmen Novos Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un novo informe técnico, con relación á nova documentación achegada, no que se especifica que deberase volver a completar a documentación presentada, e emendar de novo o proxecto técnico achegado, para adaptalo á normativa urbanística vixente.

Con data do 31/03/2016, con rexistro de saída núm. 16/265, pola Alcaldía, ponse en coñecemento do representante do promotor da obras, D. José Luís xxxxx, unha copia do novo informe técnico do 22/03/2016, para as corrección sinaladas neste.

Con data do 29/04/2016, con rexistro de entrada na sede electrónica do concello núm. 201699900000009, e no rexistro xeral núm. 16/798, por D. José xxxxx, con DNI núm. xxxxx, en nome e representación de D. Alfonso xxxxx, con DNI núm. xxxxx, achégase unha nova documentación complementaria (en formato dixital), en base aos cambios solicitados pola arquitecta municipal, no informe da data do 22/03/2016.

Con data do 19/05/2016, por María Carmen Novos Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un novo informe técnico favorable condicional, con relación á nova documentación presentada, e no que se especifica no seu apartado 2 o seguinte:

2.- No que atinxe ás fincas, compre indicar o seguinte:

- Na escritura achegada indícase que a superficie da finca 465, é de 570 m²; e ten unha forma distinta á indicada no proxecto. No proxecto indícanse os datos do catastro, pero incorpórase un erro dos datos catastrais. Xa que a superficie correspondente á forma da parcela catastral é de 1142 m², tal e como se pode comprobar ó imprimir a consulta gráfica e descritiva da finca 465.*
- En resumo, existen discrepancias importantes, no que atinxe á forma e superficie da finca 465, entre a escritura da propiedade (resultado da concentración parcelaria e inscrita no Rexistro da propiedade), e os datos catastrais, o PXOM, e a realidade*

física. Estas discrepancias deberanse emendar para poder continuar coa legalización das actuacións executadas na finca 465.

- *Non obstante, estas discrepancias non afectan á finca 648, na que está edificada a vivenda obxecto de legalización, dado que dita parcela dispón de acceso público, segundo os datos das dúas concentracións parcelarias (Lestedo I e II), e o PXOM. En consecuencia, procede continuar coa tramitación da legalización das actuacións executadas na finca 648, coa seguinte condición: deberase modificar a urbanización interior da parcela, de xeito que o acceso a esta finca quede materializado a través do camiño que linda polo norte coa finca, e non a través da finca 465.*

Con data do 24/05/2016, con rexistro de saída núm. 16/427, pola Alcaldía, ponse en coñecemento do representante do promotor da obras, D. José Luís xxxxxx, unha copia do novo informe técnico, do 19/05/2016, para as corrección sinaladas neste.

Con data do 11/07/2016, con rexistro de entrada na sede electrónica do concello núm. 201699900000012, e no rexistro xeral núm. 16/1460, por D. José Luís xxxxxx, con DNI núm. xxxxxx, en nome e representación de D. Alfonso xxxxxx, con DNI núm. xxxxxx, achégase unha documentación complementaria (en formato dixital), en base aos cambios solicitados pola arquitecta municipal, no informe da data do 19/05/2016. Tamén se achegan os Oficios de Dirección de Obra, Dirección de Execución de Obras, e de Coordinación de Seguridade e Saúde.

Con data do 21/07/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un informe técnico, e que a continuación se transcribe literalmente:

- Con respecto ás actuacións executadas na finca 648 (vivenda, urbanización interior e peche parcial de finca), e no que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase **FAVORABLE** a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.
- Con respecto ás actuacións executadas na finca 465 (peche parcial de finca), quen asina reitérase no indicado no informe emitido anteriormente: *“existen discrepancias importantes, no que atinxe á forma e superficie da finca 465, entre a escritura da propiedade (resultado da concentración parcelaria e inscrita no Rexistro da Propiedade), e os datos catastrais, o PXOM, e a realidade física. Estas discrepancias deberanse emendar para poder continuar coa legalización das actuacións executadas na finca 465”*. En consecuencia, procede informar desfavorablemente a solicitude achegada, mentres non se aclaren as devanditas discrepancias.

En vista do informe técnico, que emite a arquitecta municipal, procede tramitar o expediente referido as obras executadas sobre a parcela catastral núm. 15012B516006480000LF, e requirir ao denunciado as aclaracións das discrepancias nas superficies da parcela catastral núm. 15012A506004650000WM.

Con data do 17/10/2016, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “licenza municipal de obras”; a D. Alfonso xxxxxx, con DNI núm. xxxxxx, representado neste expediente por D. José Luís xxxxxx, con DNI núm. xxxxxx para a

“adaptar as obras executadas, na vivenda da súa propiedade, á ordenanza de núcleo rural común”, en base ó PXOM actualmente vixente, sitas no lugar de Lestedo, parroquia de Sta. María de Lestedo, e emprazadas sobre a parcela catastral núm. 15012B516006480000LF, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Número do expediente municipal: 15/1904 - 2015999000000007
02. Promotor do expediente: Alfonso xxxxx
03. D.N.I. do promotor: xxxxx
04. Representante do promotor: José Luís xxxxx
05. D.N.I. do representante: xxxxx
06. Clasificación urbanística da parcela: Solo de Núcleo Rural.Ordenanza de Núcleo Común
07. Tipo de licenza: adaptación de obras executadas, á ordenanza de Núcleo Rural Común
08. Situación e emprazamento: Lugar de Lestedo – Parroquia de Sta. María de Lestedo
09. Referencia catastral da parcela: 15012B516006480000LF
10. Taxa municipal pola tramitación do expediente: 61,62 €
11. Orzamento de execución material das obras de adaptación: 4241,36 €
12. Liquidación do I.C.I.O. (1,9%), das obras de adaptación, á normativa vixente: 80,59 €
13. Técnico redactor do proxecto: José L. Estevez Suárez, arquitecto; colexiado nº: 465
14. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)
 - Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

15. Unha vez rematadas as obras obxecto desta licenza, deberán achegar o certificado final de obras, para a comprobación da adecuación das obras executadas, á normativa urbanística vixente, e no seu caso, proceder á REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA, de tódalas obras executadas na finca catastral núm., 15012B516006480000LF, en base ó proxecto técnico refundido, presentado con data do 11/07/2016, con visado núm. 1506163,5 de data do 01/07/2016.

Segundo:

Requirir a D. Alfonso xxxxx, con DNI núm. xxxxx, representado neste expediente por D. José Luís xxxxx, con DNI núm. xxxxx, para que no prazo máximo de 30 días, desde a notificación deste Acordo, se presente a documentación necesaria, para a aclaración das discrepancias existentes na parcela 465 (referencia catastral núm. 15012A506004650000WM), con relación ás superficies dos títulos de propiedade de concentración parcelaria, de 570 m² (inscritas no Rexistro da Propiedade), e a superficie gráfica catastral, de 1142 m²; en base á posible legalización do peche parcial executado nesta finca.

Terceiro:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (TAXA + I.C.I.O.), por importe de 61,62 + 80,59 = **142,21 €**, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación da taxa, e do ICIO:

A liquidación total, por importe de **142,21 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx- Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Cuarto:

Poñer en coñecemento de D. Alfonso xxxxx, que no caso de proceder á legalización definitiva das actuacións levadas a cabo sobre a parcela catastral nº: 15012B516006480000LF, o orzamento de execución material das obras realizadas será de 11.8760,38 €, en base ao proxecto técnico de legalización presentado; e a liquidación definitiva dos dereitos municipais (I.C.I.O.), será por importe de 2.256,45 €.

Quinto:

Notificar este acordo á:

- D. José Luís xxxxx
En repres. de: D. Alfonso xxxxx
Avda. Romero Donallo, nº 5 – 4º G
15706 – Santiago de Compostela
- Doña Isaura xxxxx
Troitomil, Nº 4 - Lestedo
15881 – Boqueixón
A Coruña

B) Concesión licenza municipal para segregación e simultánea agregación de fincas

Antecedentes:

Con data do 09/08/2016, con rexistro de entrada nº: 16/1722, por D^a. María Soledad xxxxx, con DNI nº: xxxxx, e con domicilio en Cachosenade, xxxxx– Lestedo (15881 – Boqueixón), achégase un proxecto técnico de segregación e simultánea agregación das fincas catastrais nº: 15012A506001340000WB e 000900100NH43G0000IH (esta finca catastral correspóndese coa nº: 135, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Sta. María de Lestedo). No proxecto achegado aparece tamén como peticionaria, a Igrexa Católica – Beneficio parroquial de Lestedo, representada por D. Dictino xxxxx (Ecónomo Diocesano do Arcebispado de Santiago de Compostela, con domicilio na xxxxx – 15704 – Santiago de Compostela (A Coruña).

As fincas obxecto deste expediente, están clasificadas urbanísticamente como solo de núcleo rural – ordenanza de núcleo histórico tradicional, e ordenanza de núcleo común, e solo rústico de especial protección agropecuaria. *A zona obxecto deste expediente de segregación, está situada urbanísticamente, en solo de núcleo rural; ordenanza de núcleo tradicional.*

Con data do 29/09/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, en base á documentación técnica achegada.

Vistos os antecedentes expostos, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a María Soledad xxxxx , con DNI núm.: xxxxx , e ao Arcebispado de Santiago de Compostela, representado neste expediente por D. Dictino xxxxx , con DNI núm. xxxxx ; a licenza municipal, para a “segregación e simultánea agregación das fincas catastrais nº: 15012A506001340000WB e 000900100NH43G0000IH”, sitas no Lugar de Cachosenade, na parroquia de Sta. María de Lestedo (Concello de Boqueixón), emprazadas

urbanísticamente en solo de núcleo rural - ordenanza de núcleo histórico tradicional, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

1. Núm. de expediente: 16/1722
2. Promotores da licenza: MARÍA SOLEDAD xxxxx
ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
3. Representante do Arcebispado: D. Dictino xxxxx
4. D.N.I. da promotora: xxxxx
5. D.N.I. do representante do Arcebispado: xxxxx
6. Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural (Ordenanza de núcleo histórico tradicional)
7. Tipo de licenza: SEGREGACIÓN E SIMULTÁNEA AGREGACIÓN DE FINCAS
8. Referencia catastral das fincas: 15012A506001340000WB - 000900100NH43G0000IH
9. Situación e emprazamento: CACHOSENANDE - LESTEDO
10. Técnico autor do proxecto: JUAN C. VILARIÑO SANTOS. Enx. Téc. Agrícola. Col: 1551

1. Descrición das parcelas iniciais:

1.1. - Parcela 134: referencia catastral 15012A506001340000WB

Finca nº: 134, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Lestedo, situada no lugar de Cachosenande, na parroquia de Sta. María de Lestedo; terreo dedicado a labradío e monte, ao sitio de “CHOUSA”; cunha extensión superficial de 6.134 m² (*segundo levantamento topográfico, a superficie real é de 6.382 m²*), e que linda: Norte, Francisco xxxxx (133), e Carmen xxxxx (132); Sur, Arturo xxxxx esa (135), e camiño de servizo, rego en medio en parte; Leste, Lourdes xxxxx (131), e edificación, rego en medio; e Oeste, Arturo xxxxx (135), rego en medio en parte, edificación e camiño de servizo.

Inscrita no rexistro da propiedade de Santiago de Compostela nº 1:
Tomo 1111, libro 75, folio 53, finca 13.294

1.2. - Parcela 135: referencia catastral 000900100NH43G0000IH

Finca nº: 135, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Lestedo, emprazada no lugar de Cachosenande, na parroquia de Sta. María de Lestedo; terreo dedicado a labradío e monte, ao sitio de “LOUREIROS” e “CHOUSA”; cunha extensión superficial de 24.631 m² (*segundo levantamento topográfico, a superficie real é de 26.094 m²*), e que linda: Norte, zona excluída e Igrexa Católica-Beneficio parroquial de Lestedo (134), masa común (142-1), e edificacións; Sur, parcela segregada (135-1), masa común (138), e zona urbana de Cachosenande; Leste, Igrexa Católica-Beneficio parroquial de Lestedo (134), regato en medio en parte, e edificacións da Aldea de Cachosenande; e Oeste, masa común (142-1), Jesús xxxxx (142-2), e outros propietarios, regato en medio e camiño de servizo.

Inscrita no rexistro da propiedade de Santiago de Compostela nº 1:
Tomo 1111, libro 75, folio 54, finca 13.295

2. Segregación da finca 134, e simultánea agregación:

Se segrega da finca 134, unha nova finca denominada 134-1, cunha extensión superficial de 630 m², quedando a finca matriz (134), cunha superficie reducida de 5.722 m². Esta superficie segregada (630 m²), agrégase á finca 135, quedando esta, cunha extensión superficial final de 26.724 m².

3. Cesións para ampliación de camiños públicos:

En base ao establecido no artigo 24.2, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, así como ás aliñacións fixadas no plano nº: **08.02 (a)**, do núcleo rural de Cachosenande, incluído no plan xeral de ordenación municipal (PXOM), actualmente vixente, procédese ás seguintes cesións:

1. Superficie cedida procedente da parcela 134: **46 m²**, e que linda:
Norte: Igrexa Católica-Beneficio parroquial de Lestedo (134)
Sur: Camiño
Leste: Igrexa Católica-Beneficio parroquial de Lestedo (134)
Oeste: María Soledad xxxxx (135)
2. Superficie cedida procedente da parcela 135: **311 m²**, e que linda:
Norte: María Soledad xxxxx (135)
Sur: Camiño
Leste: María Soledad xxxxx (135), e Jesús xxxxx (135-1)
Oeste: María Soledad xxxxx (135)

4. Parcelas resultantes finais:

4.1- Parcela 134:

Finca nº: 134, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Lestedo, situada no lugar de Cachosenande, na parroquia de Sta. María de Lestedo; terreo dedicado a labradío e monte, ao sitio de “CHOUSA”; cunha extensión superficial de 5.706 m²; e que linda: Norte, Francisco xxxxx (133), Carmen xxxxx (132) e camiño; Sur, María Soledad xxxxx (135), e camiño, rego en medio en parte; Leste, Lourdes xxxxx (131), e edificación, rego en medio; e Oeste, parcela descrita a continuación (135), propiedade de María Soledad xxxxx, e camiño.

4.2- Parcela 135:

Finca nº: 135, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Lestedo, emprazada no lugar de Cachosenande, na parroquia de Sta. María de Lestedo; terreo dedicado a prado, labradío e monte, ao sitio de “LOUREIROS” coñecida por “O POMBAL”; cunha extensión superficial de 26.413 m²; e que linda: Norte, masa común (142-1), terreo excluído, hoxe en realidade de María Soledad xxxxx e David xxxxx (692 e 693), e Roque Manuel xxxxx (696), camiño, Igrexa Católica-Beneficio parroquial de Lestedo (134), zona urbana de Cachosenande (hoxe en realidade María Soledad xxxxx); Sur; finca 138-2, camiño, parcela segregada 135-1, zona urbana de Cachosenande (hoxe en realidade de María Soledad xxxxx); Leste, Jesús xxxxx (135-1), zona urbana de Cachosenande, finca descrita anteriormente da Igrexa Católica-Beneficio parroquial de Santa María de Lestedo (134), e camiño; e Oeste, Nemesio xxxxx (140), Juan xxxxx (141), Jesús xxxxx (142-2), cauce de auga en medio en todas elas, masa común (142-1), María Soledad xxxxx e David xxxxx (693), e camiño.

Segundo:

Aceptar, en base ao establecido no artigo 24.2, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; as cesións municipais correspondentes ás parcelas 134 (**46 m²**); e 135 (**311 m²**), e destinalas á ampliación das vías públicas municipais, coas que linda.

Deberá presentar, a nome do Concello de Boqueixón, a escritura pública destas cesións.

Terceiro:

Aprobar a liquidación da TAXA municipal pola tramitación deste expediente, por importe de 123,24 €, en base á ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenza urbanísticas, actualmente en vigor.

Pago da liquidación da taxa:

A liquidación da taxa, por importe de **123,24 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta N°: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Cuarto:

Notificar este acordo aos seguintes interesados:

D^a María Soledad xxxxx

Cachosenande xxxxx – Lestedo

15881 – Boqueixón

A Coruña

A/A D. Dictino xxxxx

Arcebispado de Santiago de Compostela

xxxxx 15704 – Santiago de Compostela

A Coruña

10. Arquivo de expedientes de limpeza de leiras no lugar de Sergude

A) ARQUIVO EXPEDIENTE DE LIMPEZA DE LEIRAS DE MONTE PROPIEDAD DE SOCIOS DA COOPERATIVA SAUI 2, LUGAR DE PUMARES SERGUDE.

O 28 de xullo do 2016 co número de entrada 16/1621, don Manuel xxxxx y otros, con domicilio en Pumares - Sergude xxxxx , presenta escrito solicitando a limpeza de leiras dedicadas a monte, que están preto de vivendas.

Manifesta que sean apercibidos os socios do polígono de Sergude, a través do seu presidente.

Con data 3 de agosto do 2016, número de entrada 16/1665, don Manuel xxxxx y otros, presenta escrito manifestando que os propietarios das vivendas afectadas pola falta de limpeza das leiras son don Manuel xxxxx , don José David xxxxx , dona María Cruz xxxxx e don Isaac xxxxx .

Así mesmo sinala que os propietarios das parcelas con maleza don socios da Xunta de Compensación SAUI 2 Sergude.

Con data 5 de agosto do 2016, número de entrada 16/1681, e previa conversa telefónica , don Julio Devesa Regueiro, remite plano do parcelario do SAUI 2, sinalando a relación de parcelas do SAUI 2 afectadas, como zona de protección de incendios, e que deben ser obxecto de limpeza.

As parcelas número 68, 69, 71,72,73,74,75 e 76 pertencen a socios da Cooperativa SAUI - 2, en tanto que a parcela número 70 pertence a don Manuel xxxxx e Don José xxxxx e a parcela número 77 pertence a ó Ministerio de Economía e Facenda.

Por decreto da alcaldía de data 5 de agosto do 2016 requiríuselle ó SAUI 2 Boqueixón, Sociedade Cooperativa Galega, que procedese a executar os traballos de limpeza das leiras número 68, 69, 71 ,72 ,73, 74, 75 e 76 do plano axuntado polo presidente da Xunta de Compensación do SAUI 2 Boqueixón, ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto das vivendas de don Manuel xxxxx , don José David xxxxx , dona María Cruz xxxxx e don Isaac xxxxx .

Según informe do técnico municipal de data 17 de outubro do 2016 *“Feita inspección técnica no lugar de Pumares - Sergude, compróbase que as parcelas dedicadas a monte e que están preto das vivendas de don don Manuel xxxxx , don José David xxxxx , dona María Cruz xxxxx e don Isaac xxxxx , están libres de maleza.*

Ditas parcelas correspóndense cos números 68,69,71,72,73,74,75 e 76 do plano axuntado polo presidente da Xunta de Compensación do SAUI 2 Boqueixón.

Non existe polo tanto risco de incendio respecto das vivendas que están preto das parcelas citadas.”

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra os socios da Cooperativa SAUI -2, propietarios das parcelas número 68, 69, 71,72,73,74,75 e 76, do lugar de Pumares – Sergude, por proceder os mesmos cos traballos de limpeza ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia

2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.

3. Comunicar o acordo os interesados a través do presidente da Xunta de Compensación SAUI 2 Boqueixón

B) ARQUIVO EXPEDIENTE DE LIMPEZA DE LEIRA DE MONTE PROPIEDAD DE D. MANUEL xxxxx E D.JOSÉ xxxxx , DO LUGAR DE PUMARES SERGUDE.

O 28 de xullo do 2016 co número de entrada 16/1621, don Manuel xxxxx y otros, con domicilio en Pumares - Sergude xxxxx , presenta escrito solicitando a limpeza de leiras dedicadas a monte, que están preto de vivendas.

Manifesta que sean apercibidos os socios do polígono de Sergude, a través do seu presidente.

Con data 3 de agosto do 2016, número de entrada 16/1665, don Manuel xxxxx y otros, presenta escrito manifestando que os propietarios das vivendas afectadas pola falta de limpeza das leiras son don Manuel xxxxx , don José David xxxxx , dona María Cruz xxxxx e don Isaac xxxxx .

Así mesmo sinala que os propietarios das parcelas con maleza don socios da Xunta de Compensación SAUI 2 Sergude.

Con data 5 de agosto do 2016, número de entrada 16/1681, e previa conversa telefónica , don Julio Devesa Regueiro, remite plano do parcelario do SAUI 2, sinalando a relación de

parcelas do SAUI 2 afectadas, como zona de protección de incendios, e que deben ser obxecto de limpeza.

As parcelas número 68, 69, 71,72,73,74,75 e 76 pertencen a socios da Cooperativa SAUI - 2, en tanto que a parcela número 70 pertence a don Manuel xxxxx e don José xxxxx e a parcela número 77 pertence a ó Ministerio de Economía e Facenda.

Por decreto da alcaldía de data 5 de agosto do 2016 requiríuselle a don Manuel xxxxx e a don José xxxxx , propietarios da parcela número 70 do plano axuntado polo presidente da Xunta de Compensación do SAUI 2 Boqueixón, que procedesen coa limpeza da citada leira ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto das vivendas de don Manuel xxxxx , don José David xxxxx , dona María Cruz xxxxx e don Isaac xxxxx .

Según informe do técnico municipal de data 17 de outubro do 2016 *“Feita inspección técnica no lugar de Pumares - Sergude, compróbase que a parcela número 70 do plano axuntado polo presidente da Xunta de Compensación do SAUI 2 Boqueixón, dedicada a monte e que está preto das vivendas de don don Manuel xxxxx , don José David xxxxx , dona María Cruz xxxxx e don Isaac xxxxx , está libre de maleza.*

Non existe polo tanto risco de incendio respecto das vivendas que están preto da parcela citada.”

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra don Manuel xxxxx e a don José xxxxx , propietarios da parcela número 70 do plano axuntado polo presidente da Xunta de Compensación do SAUI 2 Boqueixón do lugar de Pumares – Sergude, por proceder os mesmos cos traballos de limpeza ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia
2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
3. Comunicar o acordo os interesados .

11. Reclamación de contía por danos ocasionados en columna e farol ornamental en Loureda

Con data 28 de agosto do 2016 o vehículo con matrícula xxxxx , circulando pola estrada municipal número 1 , ao seu paso polo lugar de Moa –Loureda impactou contra unha luminaria pública destrozando a mesma, (columna e farol).

Según datos facilitados pola empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, o vehículo é propiedade de don Alexis xxxxx , e figura asegurado na compañía ALLIANZ, Seguros e Reaseguros SA, co número de póliza 038280551

Consta no expediente reportaxe fotográfica da columna e farol destrozados e o presuposto número 659, de data 23/09/2016, realizado pola empresa Montaxes Eléctricos Fernández

SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, que reflicte o custo de reposición da columna e farol destrozados no lugar de Moa-Loureda ó 28/08/2016.

Ascenden os traballos de reposición a un custo total (con IVE engadido) de **1.506,22 €**.

Consideracións xurídicas

-O artigo 2.2 do RD 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais sinala que “ Os bens de dominio público serán de uso ou de servizo público”.

-O artigo 3.1 do citado regulamento sinala que "Son bens de uso público local camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras pública de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan de competencia da entidade local”.

-O artigo 9.2 do citado regulamento sinala que “As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos”.

-O artigo 44.2 do citado regulamento establece que para a defensa do seu patrimonio e para asegurar a axeitada utilización deste, as corporacións locais poden establecer e impoñer sancións de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable.

Téndose acreditado mediante a reportaxe fotográfica os danos ocasionados na luminaria pública, situada a carón estrada municipal xxxxx do lugar de Moa - Loureda, polo vehículo matrícula xxxxx , propiedade de don Alexis xxxxx e téndose presuposto de reparación número 659, de data 23/09/2016, concepto “columna e farol ornamental rotos en Moa – Loureda ó 28/08/2016, por importe total (IVE engadido) de 1.506,22 €, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a valoración do arranxo da columna e farol ornamental rotos en Moa – Loureda ó 28/08/2016, por importe total (IVE engadido) de **1.506,22 €** .

2. Comunicar á Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA e o propietario do vehículo matrícula xxxxx , don Alexis xxxxx , que ou ben o propietario do vehículo ou ben a compañía de seguros, deberán proceder nun prazo máximo de 30 días co aboamento do custo do arranxo do farol de alumeado público, destrozado no lugar de Moa - Loureda, a carón na estrada municipal número 1, por importe total de **1.506,22 €**, IVE engadido.

3. Darlle trámite de audiencia á Allianz, compañía de seguros e reaseguros SA e o propietario do vehículo matrícula xxxxx , don Alexis xxxxx , para que no prazo de 10 días poidan presentar alegacións ou documentación oportuna.

12. Inicio execución subsidiaria de limpeza de leiras no lugar de Caneda – Loureda

O 10 de xuño do 2016, co número de entrada 16/1172, dona M^a del Carmen xxxxx , con domicilio en Arzúa, sinala que na aldea de Caneda – Loureda, lugar donde viven seus pais, existe unha vivenda en ruínas, completamente invadida de maleza.

Que dita maleza invade non só a casa, senón tamén a estrada que está a carón e as propiedades dos veciños colindantes, poñendo en perigo a circulación viaria, a saúde dos veciños e con alto risco de incendio para toda a aldea.

Manifesta igualmente que dita casa era propiedade do falecido, don Jesús xxxxx .

Na Xunta de Goberno do 16 de xuño do 2016 acordouse requirir os herdeiros de don Jesús xxxxx , propietarios da parcela número 63, polígono 502, do lugar de Caneda – Loureda, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da maleza existente; que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e deuselles trámite de audiencia .

Dona Angela xxxxx e a dona Manuela xxxxx (herdeiras de don Jesús xxxxx), non recibiron a notificación por correo certificado e procedeuse a notificalos a través do BOP da Coruña (mércores 13 de xullo de 2016, número 132) e no suplemento de notificacións do BOE (xoves 14 de xullo do 2016)

Feita visita de comprobación o 21 de xullo do 2016 obsérvase que a parcela número 63 está sen limpar e así mesmo observase e faise constar que existen máis metros cadrados sen limpar e con abundante maleza, que os da parcela número 63.

O servizo de urbanismo con data 26 de xullo do 2016 emite certificado catastral descritivo e gráfico no cal se reflicte que a carón da parcela número 63, polígono 502 está a parcela número 62, polígono 502 (con unha superficie de 1.924 m²) a cal figura a nome de herdeiros de don Jesús xxxxx .

Según informe do coordinador de obras e servizos do concello, de data 26 de xullo do 2016 compróbase que *“na parcela número 62, polígono 502, existe abundante maleza.*

Dita parcela ten un total de 1.924 m². (Está a carón da parcela número 63 que ten un total de 1353 m², tamén con abundante maleza)

Apreciase un grave estado de abandono. Todo elo supón unha evidente situación de insalubridade e de risco incendio.”

Po Decreto da alcaldía de 26 de xullo do 2016 resolveuse requirir os herdeiros de don Jesús xxxxx , propietarios da parcela número 62, polígono 502, do lugar de Caneda – Loureda, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da maleza existente; que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e deuselles trámite de audiencia.

Dona Manuela xxxxx (herdeira de don Jesús xxxxx), non recibiu a notificación por correo certificado e procedeuse a notificala a través do BOP da Coruña (xoves 18 de agosto de 2016, número 156) e no suplemento de notificacións do BOE (venres 19 de agosto do 2016).

Con data 4 de agosto do 2016, número de entrada 16/1676, dona María Susana xxxxx , herdeira de dona María xxxxx , expón que se archive o expediente de limpeza posto que en relación cos requirimentos de limpeza das parcelas número 62 e 63 do lugar de Loureda – Caneda procederán prontamente coa súa limpeza.

Feita inspección técnica con data 17 de outubro do 2016 compróbase que, no lugar de Caneda xxxxx Loureda “as parcelas número 62 e número 63 do polígono 502, están con abundante maleza.

Na parcela número 63 existe unha construción invadida de vexetación

Apreciase un grave estado de abandono. Todo elo supón unha evidente situación de insalubridade e de risco incendio”.

Con data 17 de outubro do 2016 as memorias valoradas, realizadas pola arquitecta municipal M^a Carmen Novoa Sío, sinalan o seguinte:

“A) Roza e limpeza de leira número 62, polígono 502 lugar de Caneda - Loureda

“Tómase como dato de superficie a correspondente ó plano de concentración parcelaria, que é de 1.936 m².

Á vista do estado actual da finca, considérase que deberán efectuarse as labores de limpeza por medios manuais, con desbrozadora de disco e con desbrozadora de fío; así mesmo, existen varias árbores de gran porte en diversos puntos da leira que requirirán de tratamento específico.

En consecuencia, enténdese que será necesaria a intervención de dous traballadores durante tres xornadas de traballo; así mesmo, deberanse ter en conta as actuacións necesarias de xestión de residuos (carga en colector, e traslado ó punto limpo)

Tendo en conta a ordenanza municipal vixente, realízase a seguinte valoración das actuacións necesarias:

PARTIDA	MAN DE OBRA	XORNADAS	IMPORTE
Roza e limpeza por medios manuais (30 €/h)	2 operarios	24 horas	1.440 €
Xestión de residuos			550 €
		TOTAL	1.990 €

B) Roza e limpeza de leira número 63, polígono 502 lugar de Caneda – Loureda

“A superficie da parcela é de 1.782 m².

Á vista do estado actual da finca, considérase que deberán efectuarse as labores de limpeza por medios manuais, con desbrozadora de disco e con desbrozadora de fío; así mesmo, existen varias árbores de gran porte en diversos puntos da leira que requirirán de tratamento específico. En consecuencia, enténdese que será necesaria a intervención de dous traballadores, durante tres xornadas de traballo; así mesmo, deberanse ter en conta as actuacións necesarias de xestión de residuos (carga en colector e traslado ó punto limpo)

Ademais , considérase precisa a consideración dunha partida específica destinada a medios particulares de seguridade e saúde, debido ás construcións existentes na parcela, das que se descoñece o seu estado de conservación, e incluso as súas dimensións reais.

Tendo en conta a ordenanza municipal vixente, realízase a seguinte valoración das actuacións necesarias:

<i>PARTIDA</i>	<i>MAN DE OBRA</i>	<i>XORNADAS</i>	<i>IMPORTE</i>
<i>Roza e limpeza por medios manuais (30 €/h)</i>	<i>2 operarios</i>	<i>24 horas</i>	<i>1.440 €</i>
<i>Xestión de residuos</i>			<i>550 €</i>
<i>Seguridade e saúde</i>			<i>250 €</i>
		<i>TOTAL</i>	<i>2.240 €</i>

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

- O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

- O artigo 98 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro , regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa total limpeza de maleza nas leiras número 62 e 63 (tendo en conta que ademais na leira nº 63 existe unha construción cuberta de maleza), polígono número 502, do lugar de Caneda - Loureda, propiedade de herdeiros de don Jesús xxxxx

2. Aprobar as memorias valoradas de roza, limpeza, xestión dos residuos da leira número 62 e de roza, limpeza, xestión dos residuos e seguridade e saúde, da leira número 63, que sinalan que os custos de execución subsidiaria ascenden a un total de 4.230 euros.

3. Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de limpeza de maleza ascenden a un total de **4.230 euros**, que terán que ser **aboados polos herdeiros de don Jesús xxxxx** .

4. Dar trámite de audiencia os citados propietarios para que presenten no seu caso as alegacións que estimen oportunas.

13. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Visto e praxe

A secretaria

O presidente